

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

**7079** *REAL DECRETO 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal.* («BOE» 89, do 13-4-2002.)

O establecemento a escala comunitaria dos principios relativos á organización dos controis oficiais no campo da alimentación animal contribúe a previr os riscos a que está exposta a sanidade animal, a saúde humana e o ambiente, a garantir a lealdade das transaccións comerciais e a protexer os intereses dos consumidores.

Por tal motivo, a regulación en España da organización dos controis oficiais no dito ámbito, foi realizada polo Real decreto 557/1998, do 2 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, e que incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 95/53/CE, do Consello, do 25 de outubro, pola que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal.

Sen embargo, as modificacións substanciais introducidas pola Directiva 2000/77/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro, que modifica a Directiva 95/53/CE, do Consello, pola que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, e pola Directiva 2001/46/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo, que modifica a Directiva 95/53/CE, do Consello, pola que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, así como as Directivas 70/524/CEE, 96/25/CE e 1999/29/CE do Consello sobre a alimentación animal, determinan a necesidade de derrogarlo Real decreto 557/1998 e elaborar unha nova disposición que recolla tales modificacións.

Así mesmo, a Directiva 2001/46/CE, esixe a introducción de modificacións de carácter menor no Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais e no Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal.

Este real decreto incorpora ó noso ordenamento xurídico as Directivas 2000/77/CE e 2001/46/CE, citadas anteriormente, con excepción do artigo 3 desta última, que foi incorporado no Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos.

Este real decreto dítase en uso da competencia estatal establecida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; 149.1.16.<sup>a</sup> sobre sanidade exterior, bases e coordinación xeral da sanidade; 149.1.10.<sup>a</sup>, sobre o comercio exterior, e artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de abril de 2002,

### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Mediante este real decreto apróbanse os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal.

2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo do establecido na normativa específica vixente, incluídas, en particular, a normativa aduaneira e a normativa veterinaria.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Control oficial no ámbito da alimentación animal, denominado no sucesivo «control»: o control, efectuado polas autoridades competentes, de conformidade coas seguintes disposicións:

1.º Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais.

2.º Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais.

3.º Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal.

4.º Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos.

5.º Orde do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais.

6.º Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

7.º Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias B-Agonistas de uso na cría do gando.

8.º Calquera outra norma no ámbito da alimentación animal na que se prevexa a realización de controis oficiais conforme as disposicións deste real decreto.

b) Control documental: a comprobación dos documentos que se xuntan ó produto ou de calquera información dada referente ó produto.

c) Control de identidade: a comprobación, mediante simple inspección visual, da concordancia entre os documentos, a etiquetaxe e os produtos.

d) Control físico: o control do produto en si, incluíndo, se é o caso, unha toma de mostras e unha análise de laboratorio.

e) Produto destinado á alimentación animal ou produto: o penso ou calquera substancia utilizada na alimentación dos animais.

f) Establecemento: calquera empresa que proceda á produción ou á fabricación dun produto, ou que teña este produto na súa posesión nunha fase intermedia antes da súa posta en circulación, ou que poña en circulación este produto.

g) Posta en circulación ou circulación: a tenza de calquera produto destinado á alimentación animal para efectos da súa venda, incluída a oferta de venda, ou outra forma de traspaso a terceiros, xa sexa con carácter

gratuíto ou mediante pagamento, así como a propia venda e demais formas de traspaso.

### Artigo 3. *Programas de control.*

1. As autoridades competentes aprobarán os programas de control nos que se precisen as medidas que se vaian aplicar para alcanza-los obxectivos previstos neste real decreto.

2. Os ditos programas deberán recolle-lo tipo e frecuencia dos controis que deban efectuarse de maneira regular.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicarlle á Comisión Europea, antes do 1 de abril de cada ano e a través das vías correspondentes, os seguintes datos, relativos á execución dos programas durante o exercicio anterior:

- a) Os criterios utilizados na elaboración dos programas.
- b) O número e tipo dos controis efectuados.
- c) Os resultados dos controis e, en particular, o número e tipo das infraccións comprobadas.
- d) As medidas adoptadas, en caso de que se comprobren as infraccións.

### Artigo 4. *Autoridades competentes.*

1. Serán autoridades competentes para a realización dos controis oficiais de produtos destinados á alimentación animal a que se refire este real decreto as comunidades autónomas ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo se refiran, respectivamente, a produtos procedentes de países membros da Unión Europea ou de terceiros estados nos puntos de entrada concretos no territorio nacional.

2. As autoridades competentes adoptarán as medidas oportunas para que os controis se efectúen de conformidade coas disposicións deste real decreto e evitarán calquera atraso inxustificable na súa realización que poida demora-la comercialización destes produtos.

3. O control efectuarase, da mesma forma, sobre os produtos destinados ó comercio interior ou a calquera estado membro da Unión Europea. Así mesmo, nos produtos destinados a terceiros países realizarase un control apropiado.

4. As autoridades competentes quedan suxeitas ó segredo profesional, en relación coa realización dos controis previstos neste real decreto. Non obstante, poderán difundir-las informacións que resulten necesarias para previr riscos graves para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente.

### Artigo 5. *Principios xerais de control.*

1. Os controis efectuaranse:

- a) De forma periódica.
- b) En caso de sospeita de non conformidade.
- c) De maneira proporcionada ó obxectivo perseguido e especialmente en función dos riscos e da experiencia adquirida.

2. Os controis aplicaranse a tódalas fases da produción e da fabricación, ás fases intermedias anteriores á posta en circulación, á propia posta en circulación, incluída a importación, e á utilización dos produtos.

3. A autoridade competente elixirá entre estas fases aquela ou aquelas máis apropiadas en función da investigación que se deba realizar.

4. Os controis efectuaranse, por norma xeral, sen advertencia previa.

5. Os controis tamén terán por obxecto os usos prohibidos na alimentación animal.

### Artigo 6. *Controis da Comisión Europea.*

1. Representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán acompañar-los expertos da Comisión Europea e os representantes das autoridades competentes das comunidades autónomas na realización dos controis sobre o terreo que a citada Comisión Europea considere necesario efectuar para verificación da aplicación deste real decreto.

As autoridades competentes prestaranlles ós expertos da Comisión Europea toda a asistencia que necesiten no cumprimento do seu cometido.

As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados dos controis efectuados, unha vez que a Comisión Europea informase deles.

2. Se os controis mencionados no punto 1 se levasen a cabo nos puntos de entrada concretos no territorio nacional, en relación con produtos procedentes de países terceiros, os representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación colaborarán cos expertos da Comisión Europea na súa realización e adoptarán as medidas oportunas para o cumprimento do disposto nos parágrafos segundo e terceiro do punto anterior.

### Artigo 7. *Análise dos produtos.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os laboratorios autorizados ou designados para realiza-las análises ás que fai referencia a alínea d) do artigo 2 desta disposición. Os ditos laboratorios deberán ser elixidos en función das súas capacidades.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará unha lista de laboratorios encargados de efectuar-las análises, que estará formada polos autorizados ou designados polos órganos competentes das comunidades autónomas e os autorizados ou designados polo propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no ámbito das súas competencias.

### Artigo 8. *Plan operativo de intervención.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará, en colaboración coas comunidades autónomas e a partir das propostas que estas formulen, un plan operativo de intervención e nel describiranse as medidas que deberán aplicarse sen demora cando se detecte que un produto destinado á alimentación animal entraña riscos graves para a saúde humana, a sanidade animal ou o medio, e determinaranse as competencias e responsabilidades, así como os circuitos de transmisión de información.

2. Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas e a partir das propostas que estas formulen, revisará o plan referido no punto anterior, á vista das necesidades formuladas, en particular en función da evolución das estruturas implicadas nos controis e da experiencia adquirida, incluída a adquirida en eventuais exercicios de simulación.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicarlle á Comisión Europea, a través da vía correspondente, o plan operativo de intervención que se elaborase, así como as modificacións que nel se introduzan.

## CAPÍTULO II

**Control das importacións procedentes de terceiros países****Artigo 9. Controis oficiais á importación.**

1. No momento de entrada dos produtos no territorio nacional, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará un control documental e un control de identidade aleatorio, co obxecto de coñecer a natureza, orixe e destino dos produtos importados.

Para estes efectos, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará puntos de entrada concretos no territorio nacional para os diferentes tipos de produtos.

As autoridades competentes poderán esixir que se lles facilite información previa referente á chegada dos produtos a un punto de entrada determinado.

2. Antes de permitirla súa posta en circulación, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobará a conformidade dos produtos coa normativa vixente, mediante un control físico por mostraxe. Para a comprobación da dita conformidade, se é o caso, poderá solicitarse a colaboración do Ministerio de Sanidade e Consumo.

3. Cando os produtos entrasen en territorio da Unión Europea a través doutro estado membro e teñan como destino España, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, poderá realiza-los controis descritos neste artigo, no caso de que non fosen completados no punto de entrada os controis necesarios para despacha-la súa posta en circulación.

**Artigo 10. Medidas de control.**

1. Cando os controis descritos no artigo anterior revelen que os produtos non reúnen os requisitos esixidos pola normativa vixente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación prohibirá a súa introducción ou posta en circulación e ordenará a súa reexpedición fóra do territorio nacional.

Cando os controis levados a efecto en virtude do artigo anterior revelen a existencia de infraccións que puidesen dar lugar a un perigo para a saúde humana, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará inmediatamente o Ministerio de Sanidade e Consumo.

Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicará inmediatamente á Comisión Europea e ós restantes estados membros da Unión Europea o rexeitamento dos produtos, indicando as infraccións detectadas.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá autoriza-la realización dalgunha das seguintes actuacións, sempre que non teñan consecuencias negativas para a saúde humana e animal nin para o medio:

- a) A adecuación dos produtos ás esixencias regulamentarias no prazo que se estableza.
- b) A eventual neutralización da súa toxicidade.
- c) A utilización dos produtos para fins distintos da alimentación animal, sempre e cando quede asegurado que os ditos produtos non poderán ser desviados ó uso ou consumo humanos, ou á elaboración de produtos con destino ós mesmos fins.
- d) A destrución dos produtos.

3. Os gastos xerados pola adopción das medidas descritas correrán a cargo do titular da autorización ou do seu representante.

4. As autoridades competentes facilitaránlles ós interesados un documento, que indique o tipo de controis realizados e os seus resultados, que se elaborará de acordo co disposto na Orde do 9 de febreiro de 1999, á que se refire a disposición derradeira primeira deste real decreto. Nos documentos comerciais deberá facerse referencia a este documento.

**Artigo 11. Adopción de medidas cautelares.**

1. Ante o coñecemento de que no territorio dun terceiro país xurdiu ou se está estendendo un problema que poida chegar a supor un risco grave para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación solicitaralle á Comisión Europea a adopción de medidas cautelares, en relación coa importación de produtos procedentes dese terceiro país.

2. Se unha vez formulada oficialmente a solicitude á Comisión Europea, esta non realiza as actuacións a que se refire o punto anterior, no prazo legalmente establecido pola normativa comunitaria aplicable, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adoptar, respecto da importación dos produtos de que se trate, as seguintes medidas cautelares temporais:

a) Suspensión das importacións dos citados produtos, procedentes da totalidade ou dunha parte do territorio do país terceiro de orixe, ou dun ou varios establecementos de produción específicos, e, se é o caso, do país terceiro en tránsito.

b) Imposición de condicións especiais á importación dos ditos produtos, procedentes da totalidade ou dunha parte do territorio do país terceiro de orixe.

3. Adoptadas as medidas que quedaron descritas no punto anterior, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará inmediatamente diso a Comisión Europea e os demais estados membros da Unión Europea.

4. As citadas medidas manteranse nos termos en que foron adoptadas, mentres a Comisión Europea decide sobre a súa prórroga, modificación ou derogación.

## CAPÍTULO III

**Control dos intercambios no interior da Unión Europea****Artigo 12. Control de establecementos e produtos nacionais.**

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas controlarán os establecementos que están no seu territorio, con obxecto de comprobar que estes cumpren as obrigas establecidas na normativa vixente e que os produtos destinados a seren postos en circulación dentro da Unión Europea se axustan ós requisitos establecidos nela.

2. Ademais, cando existan indicios fundados de incumprimento destes requisitos ou obrigas, os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán os controis que se coiden oportunos para comprobalo e adoptar, en caso de confirmárense os indicios, as medidas pertinentes.

3. Cando os controis levados a efecto en virtude do punto 1 deste artigo revelen a existencia de infraccións que puideran dar lugar a un perigo para a saúde humana, a sanidade animal ou o medio, deberán ser informadas as autoridades competentes nas ditas materias.

### Artigo 13. *Control de productos procedentes da Unión Europea.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas de destino comprobarán a conformidade dos produtos coa normativa vixente, mediante controis non discriminatorios realizados por mostraxe.

Na medida en que sexa necesario para a realización deses controis, as autoridades competentes poderanlles solicitar ós axentes económicos correspondentes que poñan no seu coñecemento a chegada dos produtos procedentes doutro estado membro. As ditas autoridades comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que fixeron uso desta posibilidade, co fin de que o departamento citado informe diso a Comisión Europea.

2. Cando os controis levados a efecto en virtude do punto 1 deste artigo revelen a existencia de infraccións que puidesen dar lugar a un perigo para a saúde humana, a sanidade animal ou o medio, deberán ser informadas as autoridades competentes nas ditas materias.

3. Cando os controis descritos no punto 1 deste artigo revelen que os produtos non reúnen os requisitos esixidos pola normativa vixente, os órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas pertinentes e requiriranlle ó remitente, destinatario ou a calquera outro axente económico que interveña no proceso de posta en circulación a realización dalgunha das seguintes actuacións:

- a) A adecuación dos produtos ás esixencias regulamentarias, no prazo que se estableza.
- b) A eventual neutralización da súa toxicidade.
- c) A utilización dos produtos para fins distintos da alimentación animal, sempre e cando quede asegurado que os ditos produtos non poderán ser desviados ó uso ou consumo humanos, ou á elaboración de produtos con destino ós mesmos fins.
- d) A devolución dos produtos ó seu país de orixe, tras informar, segundo o procedemento establecido no artigo 11, as autoridades competentes do país onde estea o establecemento de orixe.
- e) A destrución dos produtos.

4. Os gastos xerados pola adopción das medidas descritas correrán a cargo do remitente ou de calquera outro axente económico que interveña no proceso de posta en circulación do produto, incluído, se é o caso, o destinatario del.

### Artigo 14. *Mecanismos de cooperación cos estados membros da Unión Europea.*

1. Nos casos en que se adopten as medidas previstas nas alíneas b), c), d) ou e) do punto 3 do artigo 13, as autoridades competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quen, pola súa vez, requirirá do estado do que procedan os produtos a información relativa ós controis efectuados, os seus resultados e as decisións adoptadas en relación con eles, debidamente motivadas.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitirá a información obtida ás comunidades autónomas afectadas, as cales, se considerasen insuficientes as medidas adoptadas, instarán o departamento citado á adopción de medidas conxuntas co estado do que procedan os produtos, dirixidas á corrección das infraccións apreciadas.

2. Cando os controis efectuados de conformidade co artigo anterior permitan comproba-la existencia de incumprimentos repetidos por parte do estado expedidor dos produtos, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará diso a Comisión Europea e os demais estados membros.

### Artigo 15. *Intensificación dos controis.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán intensificar os controis sobre os produtos procedentes daqueles establecementos nos que se producen con anterioridade infraccións, con independencia de que estean no seu territorio ou no doutro estado membro.

### Artigo 16. *Cláusula de salvagarda.*

1. Se por causa dalgún produto destinado á alimentación animal xurdise un problema que poida representar un risco grave para a saúde humana, a sanidade animal ou o medio, e sempre e cando as medidas adoptadas polas autoridades competentes non puidesen controlalo de forma satisfactoria, a autoridade competente da comunidade autónoma dirixirase ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que este, se é o caso, solicite da Comisión Europea a adopción das medidas cautelares correspondentes.

2. Se unha vez informada oficialmente a Comisión Europea, esta non realiza as actuacións a que se refire o punto anterior, as autoridades competentes poderán aplicar medidas cautelares temporais en materia de utilización ou posta en circulación.

3. As autoridades competentes informarán inmediatamente das medidas adoptadas, a través da vía correspondente, os estados membros e a Comisión Europea.

## CAPÍTULO IV

### Sistema de información relativo a riscos derivados dos pensos

#### Artigo 17. *Obrigas de establecementos e profesionais sanitarios.*

1. Os responsables dos establecementos informarán inmediatamente as autoridades competentes, se dispoñen de datos que lles permitan deducir que un lote de produtos destinados á alimentación animal que introducen no territorio da Unión Europea procedente dun terceiro país ou puxeran en circulación, que estea na súa posesión ou do que sexan propietarios:

- a) Supera os contidos máximos que se establecen nos anexos do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indeseables na alimentación animal, superados os cales o produto debe deixar de subministrarse directamente ós animais e deixar de mesturarse con outros produtos destinados á alimentación animal, ou
- b) Non se axusta a algunha das outras disposicións citadas no artigo 2 deste real decreto e, por causa diso, constitúe, tendo en conta o destino previsto, un risco grave para a saúde humana, a sanidade animal ou o medio.

2. Para efectos de cumprir adecuadamente o disposto no parágrafo anterior, os responsables dos establecementos facilitarán toda información que permita identificar con precisión o produto ou lote de produtos de que se trate, así como a descrición máis completa posible do risco que entrañan os ditos produtos, e tódolos datos dispoñibles que faciliten o rastrexo deles. Informarán así mesmo das accións emprendidas para previr os riscos para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, facilitando unha descrición das ditas accións.

3. A mesma obriga de información relativa ós riscos que entrañan os produtos destinados á alimentación animal impónselles ós veterinarios que se encargan da

supervisión sanitaria das ganderías, e, concretamente, ós mencionados no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, así como ós responsables dos laboratorios que efectúen análises.

4. Se é o caso, as autoridades competentes aplicarán as disposicións previstas nos artigos 10, 12 ou 13 deste real decreto.

#### Artigo 18. *Actuacións das autoridades competentes.*

1. Cando as autoridades competentes dispoñan de datos que, a teor dos elementos de avaliación de risco dispoñibles, indiquen que un lote de produtos destinados á alimentación animal presenta un risco grave para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, comprobarán a información recibida e, se é o caso, adoptarán as disposicións necesarias para impedir que ese lote se utilice na alimentación animal, someterano a medidas restrictivas, e investigarán de inmediato o tipo de perigo existente e, se é o caso, a cantidade das substancias indesexables, así como a posible orixe das ditas substancias indesexables ou do perigo, co fin de precisar a avaliación dos riscos.

2. Cando proceda, a dita avaliación de riscos amplíase a outros lotes do mesmo produto ou a outros produtos da cadea trófica humana ou animal que puidesen conter substancias indesexables ou cando existise o perigo de que así fose, tendo en conta a posible mestura de substancias indesexables con outros produtos destinados á alimentación animal e a posible reciclaxe dos produtos perigosos na cadea trófica animal.

3. Se a existencia dun risco grave se confirma de acordo co disposto nos puntos anteriores, as autoridades competentes velarán por que o destino final que se lle dea ó lote que contén substancias indesexables, así como a súa posible descontaminación, ou outras operacións de neutralización, o seu retratamento ou destrución, non poidan ter efectos nocivos na saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente. Cando as substancias indesexables ou o perigo da presenza das ditas substancias se puidesen estender a outros lotes ou á cadea trófica animal ou humana, as autoridades competentes procederán sen demora a:

a) Identificar e someter a control os demais lotes de produtos considerados perigosos, chegando se é o caso a identifica-los animais vivos que se alimenten con penso que conteña produtos perigosos.

b) Aplica-las medidas previstas no Real decreto 1749/1998, ou outras disposicións pertinentes relativas á saúde animal ou á seguridade alimentaria dos produtos de orixe animal.

c) Asumi-la coordinación dos servizos de control interesados, para evitar que se poñan en circulación os produtos perigosos.

d) Velar por que se executen os procedementos de retirada dos produtos que xa se puxeran en circulación.

4. A autoridade competente dunha comunidade autónoma alertará inmediatamente a Comisión Europea, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación polas vías correspondentes, cando comprobe que un produto destinado á alimentación animal posto en circulación no seu territorio ou no territorio da Unión Europea ou que un produto procedente dun país terceiro introducido no seu territorio con miras á súa posta en circulación:

a) Supera os contidos máximos que se establecen nos anexos do Real decreto 747/2001, superados os cales o produto debe deixar de subministrarse direc-

tamente ós animais e deixar de mesturarse con outros produtos destinados á alimentación animal, ou

b) Non se axusta a algunha das outras disposicións previstas no artigo 2, alínea a), deste real decreto e debido a iso constitúe, tendo en conta o destino previsto, un risco grave para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación facilitaralle á Comisión Europea, na medida do posible, os elementos suficientes para que se poidan identificar, rastrexar e pór baixo control os produtos en cuestión, e, se é o caso, os animais vivos alimentados cos ditos produtos, e indicará as medidas de salvagarda previstas ou xa adoptadas, co fin de que a Comisión Europea poida informar adecuadamente os demais estados membros.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará inmediatamente a Comisión Europea das medidas de seguimento que adopte fronte ós perigos notificados, debendo comunicarlle ademais, cando se produza, o final da situación de risco.

## CAPÍTULO V

### Réxime sancionador

#### Artigo 19. *Infraccións e sancións.*

Os incumprimentos do establecido neste real decreto, que se encontren tipificados na lexislación vixente e, en particular, na Lei 26/2001, do 27 de decembro, pola que se establece o sistema de infraccións e sancións en materia de encefalopatías esponxiformes transmisibles, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sancionaranse de conformidade co previsto neles.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 557/1998, do 2 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta disposición.

#### Disposición derradeira primeira. *Vixencia da Orde do 9 de febreiro de 1999.*

A Orde do 9 de febreiro de 1999 pola que se establecen o modelo de documento a que se refire o punto 4 do artigo 8 do Real decreto 557/1998, do 2 de abril, e determinadas normas relativas ós controis dos alimentos para animais procedentes de países terceiros no momento da súa entrada en España, mantén a súa vixencia, e as referencias que nela se fan ó Real decreto 557/1998, do 2 de abril, entenderanse feitas a este real decreto.

#### Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro.*

O punto 14 do artigo 2 do Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais, substitúese polo seguinte texto:

«14. Posta en circulación ou circulación: a tenza de calquera produto destinado á alimentación animal para efectos da súa venda, incluída a oferta de venda, ou outra forma de traspaso a terceiros, xa sexa con carácter gratuíto ou mediante pagamento, así como a propia venda e demais formas de traspaso.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño.*

O artigo 9 do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, substitúese polo seguinte texto:

«O control oficial dos alimentos para animais e das materias primas para a súa alimentación axustarase ó disposto no Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, sendo as autoridades competentes as comunidades autónomas respecto dos produtos elaborados en territorio español ou procedentes dos demais estados membros da Unión Europea, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos puntos de entrada concretos no territorio nacional, respecto dos produtos que procedan dos países terceiros.»

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro das regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que reservan ó Estado a competencia nas materias de bases e coordinación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente. Non obstante, os artigos 9, 10 e 11 dítanse ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> e 149.1.16.<sup>a</sup>, que reserva ó Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en materia de comercio e sanidade exteriores.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O disposto no artigo 8, no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 13, no artigo 16 e no capítulo IV do presente real decreto será de aplicación a partir do 1 de maio de 2003.

Dado en Madrid o 12 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

**7198** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. («BOE» 91, do 16-4-2002.)*

Advertido erro no Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e

medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 1 de outubro de 2001, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1124, primeira columna, no anexo II, número 3.1 Niveis de campo, no cadro 2, novena fila, onde di:

«10-400 MHz | 28 | 0,73/f | 0,092 | 2»

Debe dicir:

«10-400 MHz | 28 | 0,073 | 0,092 | 2»

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**7466** *REAL DECRETO 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón. («BOE» 94, do 19-4-2002.)*

O Protocolo número 4 anexo á Acta de adhesión de Grecia, adaptado polo Regulamento (CE) 1050/2001 do Consello, do 22 de maio, establece un réxime de apoio ó algodón que inclúe a concesión dunha axuda á produción. O Regulamento (CE) 1051/2001 do Consello, do 22 de maio, regula a axuda á produción de algodón establecendo as medidas necesarias para a súa concesión. Finalmente, o Regulamento (CE) 1591/2001 da Comisión, do 2 de agosto, establece as modalidades de aplicación do réxime de axudas ó algodón.

Dada a obrigatoriedade e directa aplicabilidade dos regulamentos comunitarios en tódolos seus elementos, este real decreto limitase a concretar aquelas actuacións e medidas que deben realizar ou poden adoptarlos estados membros.

Neste sentido, establécese un réxime de controis, adóptanse algunhas medidas de carácter ambiental e de limitación do cultivo e precísanse as actuacións que seguirá o organismo de coordinación das axudas cos organismos pagadores das comunidades autónomas.

Este real decreto foi sometido a consulta en fase de proxecto das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto concretar determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

Será competente para a xestión da axuda á produción de algodón, a comunidade autónoma no ámbito territorial da cal teña lugar a operación de quita-la semente.